

JOSE MANUEL PAZ JUNCAL

Torre Cela, 34 Baixo -36938 BUEU (Pontevedra)
Teléf./Fax Taller e Ptlar. 986 32 35 06
Teléfs. Móbiles 629 26 39 38 - 610 55 55 53

P.
J.



TRABALLOS QUE REALIZAMOS

IMPERMEABILIZACIONES

- Tratamiento de problemas de humidades en terrazas, canaletas...
- Chorreado e limpeza de pedra, aplicacions de hidrofugantes en problemas de musgo e humidades.

CONSTRUCCIÓN NAVAL

- Construcción e reparación de lanchas de poliéster
- Papeeos das embarcaciones
- Homologación e forrado de furgóns isotermos

POLIÉSTERES EN XERAL

NÁUTICA

- Concesionario oficial de forabordas Mercury
- Venda embarcacionés propias do noso astelero.
- Venda de Lanchas Quicksilver.
- Venda de neumáticas Lomac e Quicksilver.

TRABALLOS TOTALMENTE GARANTIZADOS

PRESUPOSTOS SEN COMPROMISO

Talleres NOVAS

Servicio Oficial MERCURY para a Zona

Avda. De Cangas, n.º 19 (Enfrente Cruce Ramal Dos Galos)
Teléf. 986 32 35 06 - Móbiles 629 26 39 38 - 610 55 55 53

STA. MARIA DE CELA


1 9 9 9



Festa dos Mozos
Os días 28 e 29 de Agosto

AN BEC, S.L.

ESTACION DE SERVICIO



**GAS-OIL DE CALEFACCION
LAVADO DE COCHES
Y TAPICERIAS
SERVICIO DE RUEDAS
OFERTA
CAMBIO DE ACEITE GRATIS**

¡¡VISITENOS!!

Ctra. CANGAS - BUEU - A MAGDALENA
TELÉF. 986 30 21 94 - FAX 986 30 21 94

Saúda da Comisión

Como cada ano coa chegada do verán todos esperamos con ilusión a chegada das festas na nosa parroquia. Entre elas non podía faltar a tradicional Festa da Xuventude na honra da Dolorosa Soledade.

A comisión quere agradecer a tódolos veciños a súa colaboración económica sen a cal non podía ser posible a celebración desta festa.

Tamén non podemos esquencer á xente dos arredores e forasteiros que veñen á festa e colaboran comprando rifas ou dando algún donativo.

Como tampouco nos podemos esquecer das firmas comerciais que contribúen cada vez máis coa festa anunciándose neste libro, a aportación destas firmas comerciais ven sendo cada ano máis importante, vaía para todos eles o noso agradecemento.

Esta comisión de festas desexalles a todos moi felices festas esperando que sirvan para o deleite tanto para os veciños coma forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quien queira vir.

*Felices Festas.
A Comisión.*

A Comisión da Xuventude de Cela-99 pídelle disculpas os de Ardán polo acontecido no libro do ano pasado



TORRE - CELA - BUEU

Teléfonos 986 32 04 14 - 986 32 26 08

MIRANDA

*tu librería, tu papelería
en Bueu.*

Pazos Fontenla, n.º 35 Telf. 986 32 05 04

O Agrarismo en Galicia

O movemento agrario está considerado unánimemente como a forza social más importante da Galicia contemporánea. Na súa época de maior intensidade, dende fins do século XIX até o golpe de estado de 1936, provocou profundas transformacións na estructura da nosa sociedade, só comparable ás que tiveron lugar nos anos 70.


A fins do século XIX, Galicia era un país básicamente agrícola. O 85% da poboación traballaba no sector primario (agricultura e pesca) mentres que o restante 15% se dividía en partes iguais entre a industria -dependente en boa medida do sector pesqueiro polas conserveiras e a construción naval- e o sector servicios, que incluía funcionarios do estado, profesións liberais, comerciantes, empregados de banca, traballadores das empresas nabierias, etc. Estes sectores concentrábanse na franxa costeira, en áreas que tiñan como centro A Coruña no norte e Vigo no sur, e se expandían a determinados núcleos vilegos animados económicoamente pola instalación das fábricas de conservas: a ría de Noia, Vilagarcía, o Morrazo... No período que estamos tratando, tales áreas sofren un pronunciado crecemento demográfico, de igual modo que as principais cidades; ainda así, para mellor comprender o extraordinario peso do mundo rural na Galicia de entón abonda con saber que poboación como Ourense apenas chegaba aos 20.000 habitantes, o mesmo Vigo, xa daquela o más importante núcleo económico, en 1910 non chegaba aos 50.000 nunha poboación de aproximadamente 2.000.000 de habitantes, case as $\frac{3}{4}$ partes habitaban nun medio rural e dependían máis o menos do campo.

Na segunda metade do século XIX a economía campesiña sofre un



TÓRRE - CELA - Telf.: 986 32 26 13

Plza. de Abastos de Seijo - Telf. 986 70 34 53



Servicio Técnico General

INFORMÁTICA

Mister CHIP

ORDENADORES - PERIFERICOS - SOFTWARE

Teléf. 986 32 35 56

Pazos Fontenla, n.º 47 - bajo - BUEU

progresivo deterioro. A produción agrícola tiña como finalidade o autoabastecemento familiar e só as exportacións de carne a España e Inglaterra permitían a certas familias contar con reservas en metálico con que afrontar os períodos de crise ou mellorar as súas explotacións nestas condicións un ano de malas colleita ou enfermidade do gando era sinónimo de fame e o campesiño non podía nin soñar con modernizar a produción ou producir para o mercado. En liñas xerais, o sistema de cultivo permanecía idéntico ao do século XVII:

-Empregaba unha grande cantidade de man de obra familiar, raramente asalariada, e polo tanto a familia numerosa era unha "bendición", que en épocas de fama se convertía nun castigo.

-Apenas estaba mecanizado: Seguíase empregando o arado romano de madeira, tracción animal, e malla a man, etc. O arado de ferro de dobre vertedira, habitual xa en toda Europa, non chega a Galiza até comenzaos deste século e os primeiros tractores e malladoras aparecen nos anos 30.

-Había escasa variedade de cultivos -centeo, millo miúo, hortalizas, forraxe, etc- todos eles de pouco valor comercial. Intensificábase novos cultivos como a pataca e o millo, pero sempre pensando no autoabastecemento.

-A maiores, eran totalmente descoñecidas as técnicas de selección de sementes -plantábase un ano parte de que se recollera o anterior, coa conseguinte perda de calidade da colleita; só se empregaban os adubos químicos; non se utilizaban métodos de detección e control de pragas-foi espectacular o progreso da "tinta" do castiñeiro, que nos últimos 20 anos de século acabou coa maior parte dos nosos soutos, fenómeno de grande importancia económica se temos en conta que a castaña ocupaba no século pasado o mesmo lugar que a pataca na dieta actual-, etc.

Sen embargo, estas non eran as causas de problema agrario, senón as consecuencias. Na raíz estaba o sistema de propiedade da terra, que en liñas xerais permanecía idéntico a como se instituira trescentos anos atrás. O sistema baseábase no foro, unha forma de contrato de arrendamento da terra mediante o cal o arrendador (forista) cedía ao arrendatario (foreiro) o usufructo da propiedade a cambio dun pago anual en metálico ou, máis a miúdo, en especie. A peculiaridade deste modelo residía en que era un contrato de longa duración -por exemplo, por "trece voces más vinte anos", o que equivalía a tres vidas e vinte anos a maiores (arredor dun século), e permitía o subarrendo: o arrendatario podía ceder parte das terras en subforo. Nas prácticas, o foro era unha especie de propiedade compartida en que a mesma terra era de moitos pero

CENTRO DE ESTUDIOS

Ágora

Ensino Primario - Ensino Secundario

B.U.P. - C.O.U. - F.P. - ESO

Clases de apoio e recuperación

Atención personalizada

R./Eduardo Vincenti, 51 - Entresolo A - BUEU



Talleres A. PIÑEIRO, S.L.

SERVICIO OFICIAL

SEIXO - MARIN (Pontevedra)

Teléfonos 986 70 22 27 - 986 70 30 93

a últimos de contas de ninguén. A fins do século XIX, arredor dun 80% das propiedades estaban sometidas a foro.

O sistema foral alcanzara o seu máximo esplendor no século XVIII, coincidindo cunha etapa de forte expansión agrícola. Como resultado, os campesiños viviran menos mal e os propietarios -a fidalguía e a igrexa arrepañaran importantes rendas que investiran en bens santuarios: fantásticos pazos coma o de Ouril, Aldán ou Santa Cruz e imponentes igrexas barrocas. Pero a fins do século XIX converteránse nunha pesada carga para todos: para a fidalguía porque, instalada xa nas cidades e sen outra fonte de ingresos, percisaba de rendas en metálico para sostener o seu tren de vida; e para o campesiñado, que vía coma o froito da súa suor minguaba cada vez máis e unha parte, por razóns que non lle parecían claras, ía parar a alguén que nin sequera sabía onde estaban as súas terras.

O foro permitira ao noso país unha grande estabilidade social ao non haber campesiños sen terras como acontecía nos grandes latifundios andaluces ou extremeños. Pero tamén provocara a extensión do minifundismo, como consecuencia dos continuos subforos, e impedira a modernización agrícola: a pesar de que nos contratos forais o foreiro se obrigaba a conservar e mellorar a explotación, isto rara vez era posible, primeiramente pola falta de capitais que investir, e en segundo lugar por que valla o refrán, era como facer fillo en muller allea. Chégase entón a unha situación puxante: unha fidalguía desexosa de vender os seus dereitos, para o que non encontraba compradores; un campesiñado desexoso de ser dono de seu, por que non ten o capital necesario para logralo, e unhas terras cada vez máis improductivas.

As dúas saídas a esta dramática situación danse simultáneamente entre fins do XIX e 1936: a organización do campesiñado e a emigración. Poden parecer respuestas contradictorias, pero na práctica complementáronse e deron lugar a un cambio singular na situación do país.

Entre 1860 e 1910 abandono Galicia a pé de 500.000 emigrantes, entre 1911 e 1930, esguiron o mesmo camiño arredor de 300.000 daquela, podemos dicir que nesas datas non había familia que non tivese algún membro en Cuba, Brasil ou a Arxentina, os principais pólos de atracción desta sangría. As consecuencias do éxodo a nivel humano e económico nunca poderán ser con certeza calibradas. Sen dúbida, ao seren os homes e os mozos de medio rural os que marchaban, a emigración contribuíu ao despoboamento das zonas agrarias e á intrautilización da capacidade productiva do campo.

Máis, padoxalmente, foi tamén un factor que modificou a conciencia social

MOTO



SPORT


Servicio Oficial

**PEUGEOT
RIEJU
SUZUKI
DERBI
(Recambios)**

**MOTOS Y BICICLETAS
SERVICIO DE REMOLQUE**

C/. Ramón Bares, 40 - Telf. 986 32 27 14 - BUEU

AGROMANOLO



- * Piensos
- * Cereales
- * Semillas
- * Pollos
- * Canarios
- * Etc

C/. A.R. Castelao, n.º 11 - Telf 986 32 31 59
36930 BUEU

do campesiñado galego e permitiu unha transformación radical do réxime de propiedade da terra. Entre 1890 e 1920, os trinta anos de maior fluxo migratorio coinciden coa época máis intensa de redención floral: as remesas dos emigrantes foron sistemáticamente investidas na compra de foros e así o diñeiro da emigración veu suplir a inexistencia de capitais excedentes nas familias rurais galegas: por outra parte, permitiu aos emigrantes, a mor parte deles completamente analfabetos e carentes de calquera sentido de colectividade, o contacto cunha realidade nova, a das puxantes repúblicas latinoamericanas, por cujas cidades circulaban os ideais do pensamento obreiro, a organización sindical, etc.

A resposta de emigración galega non se fixo esperar: na América creáronse ducias de Centros Galegos e Sociedades de Naturais determinadas vilas e comarcas (os da Habana, Montevideo e Buenos Aires, fundados todos en 1879 son os primeiros). Pero ademáis, os emigrados emprenden un labor social destinado a modificar as condicións de vida en Galicia, mediante Sociedades de Beneficencia e Instrucción que tiñan como fin a dotación de escolas, construcción de lavadeiros e edificios públicos, etc. Por obra destas sociedades chegáronse a construír en Galicia máis de 400 escolas, ás que houbo que engadir campos de experimentación agrícola, bibliotecas, etc.

O papel dos emigrantes retornados foi tamén decisivo na organización do campesiñado e na aparición das primeiras Sociedades de Labradores e Gandeiros e será unha constante ao longo de todo o agrarismo galego. Ainda que a primeira sociedade agraria coñecida, a Sociedade de Gandeiros de Caldas de Reis data de 1886, o movemento societario comeza a adquirir intensidade a partir dos anos 90, coincidindo co retorno das primeiras xeracións de emigrados. No Morrazo, as primeiras sociedades rexistradas son a Sociedade de Socorros Mútuos de Cangas (1859), a Sociedade Agrícola de Marín (1897) e a Sociedade Agrícola de Santomé de Piñeiro (1899). En 1900, había constituídas en Galicia arredor de 93 Sociedades, en 1907 eran xa 275 e o número foi medrando nos anos seguintes.

As sociedades agrarias, xa fosen agrícolas ou gandeiras, nacen nun principio como asociacións de socorro mútuo, coa intención de prever desgracias entre os socios, perdas de colleiras, etc. Son, daquela, unha extensión do réxime de traballo comunitario que ainda dominaba no medio rural. Pero rápidamente van adoptar funcións más ambiciosas, respondendo á grave crise que estaba atravesando o conxunto da nosa sociedade:

-Interveñen na modernización dos cultivos creando redes de distribución de

SWEET BURGUER



Ramón Bares, 10 - Bueu

MADERAS FREIRE

ASERRADERO
MADERAS EN GENERAL

Somos Profesionales desde el año 1.945

Montero Ríos, n.º 26 - Telf. 986 32 00 66 - BUEU

sementes, adubos e sulfatos, que compran ao por maior e distribuen a prezos más baixos que os do mercado. Así mesmo, educan aos seus socios nas novas técnicas agrícolas e animados a renovar as plantacións introducindo o millo e a pataca. A elas se debe tamén a incorporación de maquinaria, ás veces empregada de xeito comunal.

-Impulsan a redención foral mediante estudos detallados da situación de propiedade da terra e posibles alternativas. En múltiples ocasións e puntos dispares, son elas as que promoven a desobediencia ao pago de foros, a forma más instintiva e contundente de resposta á inxustiza do réxime. Esta posiciones exténdese tamén a outras cargas económicas que debía sufrir o compesiño: os arbitrios e consumos municipais, as oblatas e deritos eclesiásticos, etc.


-Chegado un momento, participan de xeito decisivo na loita política, especialmente no ámbito local, sendo a principal forza de choque contra o caciquismo e a adulteración do sistema electoral, fenómeno constante durante a Restauración e que tivo a súa expresión más rotunda no “carallo 29” o artigo 29 da lei electoral de 1913 que nomeaba deputados sen necesidade de votación a aqueles candidatos que non tivesen contrincante nos seus distritos. Naturalmente, estes candidatos eran sempre dos dous partidos turnantes - Conservador e Liberal- e por virtude do seu acordo rara vez chegaban a celebrarse eleccións na mor parte dos concellos.

Dende a aparición das primeiras Sociedades até 1936, o Agrarismo pasa por catro etapas principais, a través das cales vai modificando o seu perfil e os seus obxectivos:

1.- Fase de constitución (1892-1907): Nestes anos. Galicia ínzase de sociedades agrarias, con especial incidencia no centro e sur da provincia de Pontevedra, no norte da provincia da Coruña e en áreas delimitadas de Ourense e Lugo: Chantada, o Carballiño, o Ribeiro, Viana e O Barco...

Estas sociedades agrupan cada unha arredor de 300 familias e teñen un ámbito de actuación preferentemente parroquial. A pesar de estaren orientadas por sectores republicanos, socialistas e anarquistas, predomina a finalidade mutualista e a difusión entre os asociados de medios para combater as pragas dos cultivos e a distribución da semente. Excepto algúns casos de federacionismo, sobre todo en Pontevedra, as Sociedades Agrarias actúan de xeito descoordinado.

2.- Fase expansiva (1907-1923): Son estes os anos cruciais da loita agraria en Galicia. O movemento alcanza tal magnitud que en 1909 rexistráronse na Coruña 450 sociedades, en Pontevedra, en 1912, chégase ás 117 e no total de



- Aserradero
- Compra y tala de Madera
- Maderas para obra, Bateas, etc.

MADERAS

Benito Estevéz e Hijos, S. L.

Teléfono 986 32 01 28

CASTRELO, 15 - CELA - BUEU (Pontevedra)

GAYO

FOTOGRAFIA - VIDEO



BUEU

E. Vicenti, 34 bajo
Teléf. 986 32 10 97



MOAÑA

Concepción Arenal
Teléf. 986 31 01 95

Galicia puideron superar as 700. Por outra banda, da acción desordenada das sociedades locais, pásase a unha organización más sólida fundada nas federacións comarcas e provincias.

Entre elas destaca a Sociedade de Labradores do Partido Xudicial de Vigo o Directorio de Teis (1910), que na práctica dirixen o movemento agrario en todo o sur da provincia. Na Coruña, o agrarismo adquire unha formulación política coa fundación en 1907 de Solidaridad Gallega, unha agrupación electoral onde conflúen rexionalistas, republicanos, federalistas e tradicionalistas pero que basea a súa forza no apoio das Sociedades de Labradores. En 1909 Solidaridad Gallega provoca unha auténtica convulsión do aparato caciquil coruñés ao apuntarse 250 concelleiros e varias alcaldías nas eleccións municipais. Sen embargo, ao fracasar no seu intento de lograr representación no Parlamento español, a Solidaridad vai esmorecendo até disolverse en 1912. Por estas datas tamén se funda a Unión Campesina, sindicato de tendencia anarquista que a través dunha sección clandestina (La Mano Negra) propugna a acción violenta contra foristas e caciques.

No intento de unificar o programa e a estratexia do agrarismo, entre 1908 e 1915 convócanse seis Asambleas agrarias en Monforte, Ribadavia e Redondela; á primeira asisten 67 representantes e 55 Sociedades; á V, celebrada en 1913 en Ribadavia, máis de 1.500 pertencentes a 150. Nestas Asambleas, entre outras cousas, vaise perfilando a estratexia redencionista do agrarismo galego, que reclama a eliminación xurídica dos foros a favor do arrendatario previo pago dunha cantidade estipulada. Pero ademáis, nelas abórdanse cuestións de índole técnica, referidas á mellora das explotacións, sobre o aproveitamento dos montes en man común, o caciquismo, a loita electoral, etc.

Con estes precedentes, entre 1912 a 1918 asistimos ao período de maior axitación no campo galego. As campañas redencionistas sucedense con mitins e Asambleas que chegan a reunir até 15.000 labregos, nun tempo en que non existían apenas medios de transporte. O movemento está dirixido nestes anos pola Liga de Acción Galega, fundada polo crego ouresán Basilio Álvarez. Coñecido tamén como o abade de Beiro, este sacerdote peculiar, enfróntase coas xerarquías católicas, máis amigo do mitin ca da misa, apaxiado e incendiario como orados, dotou ao agrarismo da radicalidade do seu temperamento. Nos momentos de maior exaltación, incluso chega a avogar polo abolicionismo -a reversión obligatoria dos foros sen mediar ningún tipo de

PYRAMIS

BUEU

SO GANA



Agrícola Garrido

Especialidad Capón de Villalba

Servicio a Domicilio

Telf. 986 32 06 99 - Pazos Fontenla, 7 - BUEU


pago- e oponse abertamente aos caciques locais. Isto provoca continuas persecucións gobernativas, que ilegalizan na práctica a Liga en 1914 e levan á cadea a moitos dos seus membros.

O levantamento labrego adopta tamén formas violentas, que van dende a negativa a pagar os foros e arbitrios até o incendio de colleitas e vivendas, o confrontamento físico cos poderosos e os motins populares, en especial durante os anos de carestía e desabastecemento provocados polo Guerra Mundial (1914-1918). Nestas datas vértese o sangue campesiño en confrontamentos coa Garda Civil; os primeiros sucesos tráxicos teñen lugar en Oseira (Ourense) en 1909; en 1916 haberá mortos e feridos en Nebra (Porto do Son); en 1917 en Narón e Sofán; en 1922 ten lugar o último despropósito desta cadea tráxica cos labregos asasinados en Sobredo (Guillarei). Entre estas víctimas da violencia agraria, destaca o grande número de mulleres, auténticas protagonistas dos fenómenos de insurección popular.

Entre 1918 e 1923 o movemento agrario entra nunha fase máis sosegada, en que volven recuperar o protagonismo as Sociedades de Labradores e as Federacións Provinciais. Ao mesmo tempo, os conflictos ideolóxicos dentro do agrarismo, que nunca foron poucos, tecrúas ou introducirse nas sociedades elementos caciquís. Proba destes conflictos internos é a última Asamblea Agraria, celebrada na Coruña en 1919 e que rematou coma o rosario da aurora e co firme propósito de non volver a reunirse. En contra partida, o número de sociedades e sindicatos agrícolas alcanza nestes anos o seu máximo rexistrándose un por cada tres parroquias do país. Como trazo novidoso os agrarios galegos o papel da igrexa. A diferencia doutras zonas do Estado como Andalucía ou Castela, a súa introducción en Galiza fora até ese momento pouco fructífera, só a partir de 1917 afianza o seu predicamento, que se reforza a partir de 1923 co apoio da Dictadura.

3.- Fase de estancamiento (1923-1931): Este período coincide básicamente coa Dictadura de Primo de Rivera. A disolución do Parlamento en setembro de 1923 e a asunción de poderes por un goberno militar que se presenta como provisional e disposto a rematar con todos os males políticos e económicos (a reforma da constitución, corrupción política, a crise económica e os problemas de facenda, a reorganización administrativa do Estado, etc.), fan que nun primeiro momento a Dictadura conte con dispares simpatías: agrarios, galeguistas, republicanos e incluso o PSOE e a UGT colaboran en distinta medida co réxime.

En relación ao problema agrario a Dictadura promulga en xuño de 1926 un



MOTOS ABAL

MOTOS-BICICLETAS
BICICLETAS CONOR
RECAMBIOs DE
TODAS LAS MARCAS

Servicio Oficial:
DERBI y YAMAHA

BUEU - Teléfono 986 32 28 26

ESTO NO ES
HAWAII
BUEU

decreto de redención foral tendente a acabar coa situación de sobre propiedade, ben a favor dos foreiros, se estes conseguían pagar en 10 anos o valor estipulado da terra, ben dos foristas en caso contrario. Este decreto dá estado xurídico a un proceso que en realidade viza acelerándose dende 15 anos atrás: en 1926 a valor de todos os foros que quedaban vixentes en Galicia non sobrepasaba os 6.500.000 de pesetas, unha cifra menos ca a que calquera pequeno banco ingresaba anualmente polas remesas de emigración americana. Con todo, áinda en 1973 quedaban propiedades suxeitas a aforamento e na actualidade persiste a última derivación do problema foral, os perto de 5.000 caseiros que en toda Galicia seguen sen ter terra de seu.

Enfriado o problema foral e impedido todo tipo de actividade política, as Sociedades Agrarias esmorecen nos anos de Dictadura e asisten ao intento dos Sindicatos Católicos e da Unión Patriótica -brazo político de Primo de Rivera- por apoderárense do movemento. Os obxectivos do agrarismo volven centrarse de novo nas melloras técnicas e na axuda mutua; a propaganda primoriverista pretende un aumento continuo da produción agrícola e nese senso apunta á xeralización do uso dos adubos fosfatados e nitroxenados, da maquinaria e das campañas de mellora do gando vacún.

4.- Fase republicana (1931-1936). A República representa un novo pulo para as Sociedades agrarias, así como para todo tipo de movementos asociativos. Sen embargo, xa non acadarán nunca máis o grao de protagonismo social que tiveran nos anos duros da loita anti foral. Neste período, no que se enscribe a Sociedad Obrera de Oficios Varios de Cela, as cuestións políticas pasan a ocupar o primeiro plano nunha situación de grande debate idolóxico e espectativas de cambio social. As sociedades agrarias relictan a momento xeral e alinianse cunha ou varias das tendencias políticas en xogo: hai sociedades afins á igrexa -outra vez en retirade; asociadas á Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra da UGT ou á Confederación Regional Galáica da CNT; unhas afluclidas polo Partido Radical que en Pontevedra tiña como líder Emiliano Iglesias; outras polo Partido Galeguista... Incluso xorde o proxecto de creación dun Partido Agrario Galego, fundada en 1933 arredor das Sociedades Agrarias de Vigo e Pontevedra, do que será líder e deputado en 1936 Antón Alonso Ríos.

Esta infiltración de partidos e sindicatos resta autonomía ás Sociedades e traslada ao campo as tensións sociais da Galiza urbana, das que até entón se situara un tanto á marxe. En contrapartida, o contacto coas ideoloxías urbanas vai provocar un positivo cambio das mentalidades, ao promoverse a instrucción

Café - Bar

EMILY



C/ Jaime Janer, n.º 54
Teléfono 986 89 10 02
36900 MARIN (Pontevedra)

La Fiorentina

PASTELERIAS

Especialidad

Tartas de hojaldre y nata

Pazos Fontenla, 42 Telf. 986 32 03 81 - BUEU (Despacho)

Pazos Fontenla, 77 - Telf. 986 32 20 12 - BUEU

e o ocio nas aldeas ao tempo que espallan cultura e novos ideais. A parte das funcións mutualistas que dende sempre desempeñaron, así como de distribución de sementes e adubos, en moitas Sociedades -é o caso da de Beluso- constitúense auténticas cooperativas de consumo que compran ao por maior productos de primeira necesidade para os distribuíren entre os asociados. Nas más avanzadas, influídas por socialistas e anarquistas, incluso se chega a lanzar a posibilidade das cooperativas de producción e comercialización, como un intento unido de promover a socialización da propiedade e eliminar os intermediarios que se apoderaban de boa parte do valor dos productos agrícolas.

Os anos de República son tamén os de maior actividade da Misión Biolóxica de Galicia. Fundada en 1921 por inspiración de enxeñeiro agrónomo Cruz Gallástequi Unamuno, a Misión establecése en 1927 en Pontevedra. Na parroquia de Salcedo instala, co auspicio da Deputación Provincial e o apoio do seu presidente, Daniel de la Sota, un dos máis modernos centros europeos de investigación agraria, que ao mesmo tempo imparte cursiños de capacitación entre os labregos e colabora en proxectos de renovación de cultivos, reforestación, mellora da cabana porcina, etc. Sen dúbida, o proxecto de maior trascendencia práctica da Misión foi o Sindicato de Productores de Semillas, que distribuíu entre os campesiños híbridos de millo e pataca más resistentes e productivos.

Cando en xullo de 1936 se produce o levantamento militar, o movemento agrario galego, como tantas outras cousas, desaparece entre as balas dos rebeldes. Deixa tras de sí unha transformación profunda do mundo rural, cochos efectos áinda se poden sentir na Galicia de hoxe en día. Pechado o ciclo que acabamos de describir, o campesiñado protagonizara en apenas coarenta anos un salto histórico de tres séculos ánda que en liñas xerais mantíñase un considerable atraso con respecto ás economías agrarias de países como Francia, Holanda ou Dinamarca.

A eliminación do foro permitía albiscar un principio de agricultura capitalista orientada ao mercado, que tiña áinda como principais impedimentos a grande proporción de poboación campesiña en 1936 representaba áinda cerca dun 60% do total- e o pequeno tamaño das explotacións, que facían urgente un modelo propio de Reforma Agraria e o impulso das cooperativas de produtores. A pesar destas dificultades, nos anos anteriores consolidárase unha rede de exportación gandeira que anviaba anualmente ao mercado interior español máis de 200.000 cabezas de vacún; unha mellor explotación dos montes comunais permitira reducir o baldío, liberar letras para pastizais e tras



Talleres DAVISAN

SERVICIO OFICIAL CITROËN

POUSADA, 15 - CELA - 36930 BUEU
Telf 986 32 31 55

Restaurante
CASA QUINTELA
Comidas caseras
ESPECIALIDAD EN
EMPAÑADAS - CALLOS
PULPO - CALDEIRADAS

Vinos TINTA FEMIA y ALBARIÑO
Sellado de Quinielas y Lotería Primitiva

Eduardo Vicenti, 24 Telf 986 32 00 10 - BUEU

unha oportuna reforestación baseada no piñeiro asentar unha incipiente industria da madeira.

En conxunto, a economía agraria galega recapacitaráse e os campesiños lograran un certo desafogo e perspectivas de futuro. O mellor inicio fou sen dúbida o descenso paulatino do número de emigrantes: por volta de 1931 a emigración a América cesa e pola contra asistimos a un lento retorno. Sen que todo chegue a perderse a Guerra Civil e os anos corenta representarán un mazazo para este proceso e obrigan a unha volta a empezar.

Sociedad Obrera de Oficios Varios de Cela.

Esta Sociedad foi presentada o día 11 de marzo de 1932 ante o gobernador civil da provincia, don Manuel Insúa e atendendo o artigo cuarto da ley de asociacións e sociedades de 1887, tendo como obxectivo regular o funcionamento e a cooperatividade dos oficios asistentes, así como mellorar en todo o posible o estado e condicións de todo los seus asociados.

A comisión organizadora e respectivamente a directiva estaba formada por Manuel Loira Pastoriza, Manuel Buján Juncal e Manuel Soage Freire, tendo como domicilio social un baixo privado no lugar de Castrelo. Dicha sociedade poseía un reglamento formado por 39 artigos dos que se poden resaltar:

-Art. 2.º.- La couta con que debe contribuir cada socio es de una peseta mensual, sin perjuicio de aumentar la cantidad cuando la Sociedad lo crea oportuno para su mayor desarrollo y lucimiento en épocas de bastante trabajo.

La cuota hoy en día insignificante, pero muy sustancial en aquellos tiempos.

-Art. 3.º.- Esta Sociedad podrá constituir una clase nocturna en cualquier época que pueda y quiera según los fondos que tenga la Asociación, para ilustración de los socios.

En este artículo se percibe la acción social de la asociación.

-Art. 4.º.- No será admitido como socio ningún individuo que tenga mala nota entre sus compañeros, y en caso de admitírsele prometa observar buena conducta desde el día de su ingreso.

Con este artículo se pretendía alejar de la asociación a los alborotadores.

Cada directiva tenía una duración media de seis meses y era elegida por sufragio directo como se señala en el artículo 25. No se conoce con exactitud la fecha de disolución, pero aproximadamente fue sobre los años 1935 - 1936.